

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2ª,  
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS  
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E  
SERVIZOS**

Día: 30.05.2018      Hora: 10:30

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 30 de maio de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto único. Preguntas**

- 1                    24067 (10/POC-004010)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
García Míguez, María Ángeles e 8 máis  
Sobre as actuacións directas en materia de construción de vivendas que está a levar a cabo ou previstas pola Xunta de Galicia no ano 2018 na cidade de Vigo, así como as que se están a realizar e as previstas para este ano para a ampliación do solo residencial destinado a vivenda protexida de San Paio de Navia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 251, do 01.02.2018*
  
- 2                    24223 (10/POC-004029)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón  
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa exclusión de Galicia do corredor atlántico ferroviario, os avances acadados nas xuntanzas mantidas cos gobernos de Asturias e Castela-León e as garantías existentes respecto da incorporación á rede de mercadorías da Unión Europea nun período razoable de tempo  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 256, do 08.02.2018*
  
- 3                    30090 (10/POC-004790)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis  
Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na estrada OU-402, treito Reza, a garantía da participación dos veciños e veciñas de Reza na súa elaboración, así como o orzamento previsto para indemnizar as persoas afectadas polas expropiacións e as modificacións que vai introducir na súa actual redacción  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 300, do 04.05.2018*
  
- 4                    30114 (10/POC-004793)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis  
Sobre as razóns da demora e as previsións do Goberno galego respecto da execución do proxecto de saneamento da parroquia de Lariño, no concello de Carnota, redactado no ano 2010 ou, se é o caso, as súas intencións referidas á realización das obras da rede primaria de saneamento e depuración de augas residuais de xeito complementario ás actuacións promovidas polo Concello  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 300, do 04.05.2018*
  
- 5                    30194 (10/POC-004801)  
Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón  
Sobre a execución na actualidade dalgún traballo de recuperación do curso do río Listres, en Ribeira, ou dalgunha solución alternativa para evitar os estancamentos das augas, as previsións referidas á redución das emisións do aliviadoiro de Aguiño e a posta en marcha de actuacións que restituían o bo nome da zona, así como as que se están a levar a cabo para resolver as deficiencias detectadas no funcionamento da EDAR de Ribeira  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 302, do 09.05.2018*

6 30592 (10/POC-004847)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pierres López, María Luisa e 2 máis  
Sobre as razóns da demora e as previsións da Xunta de Galicia respecto do inicio da construción de novas vivendas de promoción pública na cidade de Pontevedra, e, se é o caso, o prazo estimado para ese fin e a porcentaxe da demanda que vai atender  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 306, do 18.05.2018*

7 30692 (10/POC-004855)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre a valoración pola Xunta de Galicia da posibilidade de paralizar o proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na estrada OU-402, treito Reza, punto quilométrico 1+090 - 3+780, correspondente á clave OU/16/270.06, para procurar un consenso social a prol dunha alternativa mellor para ese treito, as actuacións levadas a cabo ou previstas ao respecto e as súas razóns para non incluír nel unha planificación integral da mellora da seguridade viaria na zona  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 306, do 18.05.2018*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2018

Jaime Castiñeira Broz  
Presidente da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidente	
Jaime Castiñeira Broz	P
Vicepresidenta	
Marta Nóvoa Iglesias	P
Secretario	
Antón Sánchez García	EM

## Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Marcos Cal Ogando	EM
Raúl Fernández Fernández	S
Martín Fernández Prado	P
Jacobo Moreira Ferro	P
María Luisa Pierres López	S
María Julia Rodríguez Barreira	P
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 30.05.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos**

**Día: 30.05.2018                    Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1      24067(10/POC-004010)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Míguez, María Ángeles e 8 máis

Sobre as actuacións directas en materia de construción de vivendas que está a levar a cabo ou previstas pola Xunta de Galicia no ano 2018 na cidade de Vigo, así como as que se están a realizar e as previstas para este ano para a ampliación do solo residencial destinado a vivenda protexida de San Paio de Navia

*Publicación da iniciativa, 251, 01.02.2018*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/01/2018 13:04  
**Nº Rexistro: 24067**  
Data envío: 24/01/2018 13:04:21.554

## A Mesa do Parlamento

**Marián García Míguez, Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna e Teresa Egerique Mosquera**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A construción de vivendas convértese nunha aposta clara do traballo da Xunta de Galicia na cidade de Vigo. En decembro de 2017 a Conselleira de Infraestruturas e Vivenda afirmaba que o compromiso da Xunta de Galicia ca promoción de vivenda pública en Galicia se concreta nas grandes cidades e que é unha medida destinada sobre todo ás familias que se atopan en perigo de perder a súa casa.

A Xunta de Galicia está a realizar un importante investimento na cidade de Vigo en diversas materias, entre as que se atopan as actuacións directas en materia de vivenda e solo residencial, que se suman ás distintas axudas que poden percibir os veciños da cidade para o acceso á vivenda e a rehabilitación e mellora dos seus fogares.

O presuposto deste 2018 é de máis de 7 millóns de euros destinados a adquisición e ampliación do polígono de San Paio de Navia. Polo que o reflexo da aposta da Xunta de Galicia neste eido na cidade de Vigo é firme.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas en Comisión:

- 1- Que actuacións directas en materia de construción de vivendas está efectuando ou ten previsto efectuar a Xunta este ano en Vigo?
- 2- Que actuacións se están realizando cara á ampliación do solo residencial para vivenda protexida de San Paio de Navia e cales son as previsións para 2018?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2018

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/01/2018 13:04  
Nº Rexistro: 24067**  
Data envío: 24/01/2018 13:04:21.554

**Asinado dixitalmente por:**

**María Ángeles García Míguez na data 24/01/2018 12:52:54**

**Jaime Castiñeira Broz na data 24/01/2018 12:53:06**

**Martín Fernández Prado na data 24/01/2018 12:53:13**

**Jacobo Moreira Ferro na data 24/01/2018 12:53:38**

**Marta Novoa Iglesias na data 24/01/2018 12:53:49**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 24/01/2018 12:53:57**

**Gonzalo Trenor López na data 24/01/2018 12:54:05**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 24/01/2018 12:54:14**

**Teresa Egerique Mosquera na data 24/01/2018 12:54:22**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdeg Galicia.com



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 30.05.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

1.2        24223(10/POC-004029)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa  
exclusión de Galicia do corredor atlántico ferroviario, os  
avances acadados nas xuntanzas mantidas cos gobernos de  
Asturias e Castela-León e as garantías existentes respecto da  
incorporación á rede de mercadorías da Unión Europea nun  
período razoable de tempo

*Publicación da iniciativa, 256, 08.02.2018*

Á Mesa do Parlamento

**Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.ª**

As políticas de Feijóo condenan a Galicia a ser un territorio subalterno con respecto á capital. Vímolos cando o Presidente “negociou” o traspaso da AP-9 - dito sexa entre comiñas de advertencia- e estámolo vendo agora co Corredor Atlántico.

Na actualidade, o Corredor Atlántico é unha das principais redes de mercancías da Unión Europea. O seu trazado comeza en Sines (Portugal) e chega ata Francia, a nosa porta de entrada ao resto do continente. Formar parte dela permitiríalle a Galicia renovar a súa obsoleta liña ferroviaria, cuxa ineficacia só permite transportar o 1% do total de mercancías que pasan pola nosa terra.

Fai pouco máis dun mes, Íñigo de la Serna, Ministro de Fomento de Mariano Rajoy, asegurou aos gobernos de Galicia, Asturias e Castela e León que o próximo ano se negociaría a inclusión do noroeste español no Corredor, co obxecto de dispoñer dunha liña ferroviaria de mercancías moderna e ben conectada co resto de Europa. "En 2018", dicía, “se iniciarán las tareas que conducirán a la aprobación de un nuevo reglamento en 2020, con los nuevos itinerarios de los corredores europeos”. Non obstante, a promesa, como tantas do Partido Popular, resultou ser fraudulenta. O 15 de novembro do pasado ano, o Ministerio de Fomento comunicou que Galicia non podería negociar a súa incorporación ao Corredor ata o ano 2023 e que, en calquera caso, non se tomaría ningunha decisión definitiva ata o ano 2027. Deste xeito, a nosa comunidade non



só é marxinada comercialmente, senón que ademais resulta excluída da posibilidade de optar aos fondos Conectar Europa (CEF) para proxectos prioritarios.

Ao mesmo tempo, os territorios que defenden os seus intereses melloran as súas condicións materiais e a súa competitividade. É o caso do País Vasco. Mentres nós seguimos desconectados, e a velas vir, o País Vasco vai sumar unha nova saída ferroviaria para o porto de Bilbao que enlazará co Corredor Atlántico. A inversión prevista, nada desprezable, ascende aos 381 millóns de euros. Conseguir o apoio do Estado e de Europa é, polo tanto, posible, pero para iso temos que desfacer nos dos políticos que, como Feijóo, sentan no Hórreo, pero teñen a cabeza posta en Madrid.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión.

- Que valoración fai o Goberno da Xunta da exclusión de Galicia do Corredor Atlántico?
- Que avances se fixeron nas reunións que o Executivo de Feijóo mantén con Asturias e Castela e León para lograr a inclusión no Corredor?
- Que garantías existen de que Galicia se incorporará a rede nun período razoable de tempo?

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando  
Antón Sánchez García  
Deputados do G.P. de En Marea.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/01/2018 12:08**  
**Nº Rexistro: 24223**  
Data envío: 26/01/2018 12:08:34.450

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 26/01/2018 12:06:00**

**Antón Sánchez García na data 26/01/2018 12:06:09**

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 30.05.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

1.3        30090(10/POC-004790)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na estrada OU-402, treito Reza, a garantía da participación dos veciños e veciñas de Reza na súa elaboración, así como o orzamento previsto para indemnizar as persoas afectadas polas expropiacións e as modificacións que vai introducir na súa actual redacción

*Publicación da iniciativa, 300, 04.05.2018*



## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López e Patricia Vilán Lorenzo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

En data 2 de novembro de 2017, a Axencia Galega de Infraestruturas aprobou, con base na Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia, o documento Itinerarios peonís e ciclistas na comarca de Ourense e concellos limítrofes (estratexia mobilidade alternativa), en que unha das sendas propostas era un itinerario peonil e ciclista na OU-402, que agora se desenvolve mediante o proxecto construtivo Itinerario peonil e ciclista na OU-402, treito Reza. Punto quilométrico 1+090 - 3+780, clave OU/16/270.06.

Este proxecto ten por obxecto a creación dun itinerario mixto peonil e ciclista pola marxe dereita da estrada OU-402, desde o punto quilométrico 1+090 ata o aparcadoiro situado no punto quilométrico 3+290, retomando posteriormente o itinerario no treito da marxe dereita do río Miño. A largura da senda proxectada será variable en función do espazo dispoñible, manterá sempre unha largura mínima de 1,80 metros e irá separada da calzada por un bordo delimitador. O pavimento que se empregará será de formigón, e no último treito (zona das termas de Outariz) será fotoluminiscente. Nos itinerarios proxectados, ademais das actuacións de pavimentación, inclúese a execución do sistema de drenaxe de augas pluviais e a reposición daqueles servizos afectados pola execución das obras.

O 4 de abril publicábase no DOG o *ANUNCIO do 21 de marzo de 2018 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na OU-402, treito Reza*, onde se reflectía que o fin do prazo de exposición pública remata o 18 de maio, é dicir de 30 días hábiles dende o 5 de abril.



**Grupo Parlamentario**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O devandito proxecto non contou coa participación efectiva da veciñanza, e nun primeiro momento souberon do mesmo a través dos medios de comunicación. Dende entón, os veciños e veciñas de Reza, moitos deles persoas maiores, están preocupados polas consecuencias que a construción desta senda ciclista e peonil terá sobre os terreos das súas vivendas, pois segundo se reflicte no propio proxecto, discorre paralela ás mesmas, ademais do risco que suporía para a seguridade dos veciños e veciñas, así como dos ciclistas e peóns porque a zona pola que discorrería obrigaría a circular pola OU-402 de forma retardada.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do proxecto construtivo do itinerario peonil e ciclista na OU-402, treito Reza?
2. Considera o Goberno galego que se garantiu participación pública efectiva dos veciños e veciñas de Reza durante a elaboración deste proxecto?
3. A canto ascende o orzamento de expropiación previsto para os afectados e afectadas pola construción desa senda peonil e ciclista?
4. En caso afirmativo, a través de que medios se levou a cabo?
5. Valora a Xunta de Galicia a posibilidade de realizar cambios no proxecto de construción dun itinerario peonil e ciclista previsto para a cidade de Ourense?
6. En caso afirmativo, cales van ser esas modificacións?

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Raúl Fernández Fernández  
María Luisa Pierres López  
Patricia Vilán Lorenzo  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/04/2018 13:19**  
**Nº Rexistro: 30090**  
Data envío: 26/04/2018 13:19:53.034



---

 [Grupo Parlamentario](#)

**Noela Blanco Rodríguez na data 26/04/2018 13:12:45**

**Raúl Fernández Fernández na data 26/04/2018 13:12:51**

**María Luisa Pierres López na data 26/04/2018 13:12:57**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 26/04/2018 13:13:02**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 30.05.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

1.4        30114(10/POC-004793)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as razóns da demora e as previsións do Goberno galego respecto da execución do proxecto de saneamento da parroquia de Lariño, no concello de Carnota, redactado no ano 2010 ou, se é o caso, as súas intencións referidas á realización das obras da rede primaria de saneamento e depuración de augas residuais de xeito complementario ás actuacións promovidas polo Concello

*Publicación da iniciativa, 300, 04.05.2018*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/04/2018 17:28**  
**Nº Rexistro: 30114**  
Data envío: 26/04/2018 17:28:12.940

### **Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O pasado 19 de abril de 2018 o BNG formulou varias preguntas na comisión segunda ao Director de Augas de Galiza a respecto do saneamento nas parroquias do Pindo e Lariño, no concello de Carnota. Mentres que no caso do Pindo o sr Rodríguez deu información detallada sobre o desenvolvemento das obras, no caso de Lariño non respondeu ás preguntas formuladas.

Cómpre recordar que existe un proxecto redactado no ano 2010 por encomenda de Augas de Galicia con un orzamento de máis de 900.000 que nunca chegou a ser licitado, sen que por parte da administración autonómica se dese máis información nin explicacións ao respecto.

Por anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Cal é a razón pola que proxecto de saneamento da parroquia de Lariño (Carnota) leva case 8 anos gardado nun caixón?



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 26/04/2018 17:28  
Nº Rexistro: 30114  
Data envío: 26/04/2018 17:28:12.940

2. Ten previsto a Xunta de Galicia executar as obras de saneamento da parroquia de Lariño conforme o proxecto redactado no ano 2010?

3. No caso de non executarse ese proxecto, prevé o Goberno galego realizar obras da rede primaria de saneamento e depuración de augas residuais na parroquia de Lariño, de maneira que complementen as actuacións promovidas polo Concello?

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 26/04/2018 17:25:42**

**María Montserrat Prado Cores na data 26/04/2018 17:25:47**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/04/2018 17:28**  
**Nº Rexistro: 30114**  
Data envío: 26/04/2018 17:28:12.940

**Ana Pontón Mondelo na data 26/04/2018 17:25:49**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 26/04/2018 17:25:50**

**Olalla Rodil Fernández na data 26/04/2018 17:25:52**

**Noa Presas Bergantiños na data 26/04/2018 17:25:53**

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos**

**Día: 30.05.2018                    Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.5      30194(10/POC-004801)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a execución na actualidade dalgún traballo de recuperación do curso do río Listres, en Ribeira, ou dalgunha solución alternativa para evitar os estancamentos das augas, as previsións referidas á redución das emisións do aliviadoiro de Aguiño e a posta en marcha de actuacións que restitúan o bo nome da zona, así como as que se están a levar a cabo para resolver as deficiencias detectadas no funcionamento da EDAR de Ribeira

*Publicación da iniciativa, 302, 09.05.2018*

Á MESA DO PARLAMENTO

**Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.ª**.

En 2014 comezaron as obras de depuración de augas de Ribeira , cofinanciadas a través de Augas de Galicia e ACUAES, utilizando fondos europeos: “fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural”

Dende a posta en marcha da infraestrutura a veciñanza da zona, onde se instalaron as estacións de bombeo e as conducións, estiveron denunciando verquidos incontrolados, deficiencias de funcionamento na infraestrutura e malos cheiros provocados pola xeración de **ÁCIDO SULFHÍDRICO**, insoportable por momentos, nas zonas máis preto de ditas estacións. Tamén teñen denunciado problemas de saúde relacionados cos gases emitidos, afeccións respiratorias, reaccións alérxicas, mareos, náuseas e vómitos que relacionan cos gases que emanan das infraestruturas.

Tamén denunciaron falta de transparencia por parte das institucións, resultándolles imposible ter acceso á información relativa ás obras feitas diante das súas casas e aos informes de medicións de gases, sentíndose desamparados e nunha situación de alarma permanente.

A día de hoxe as institucións implicadas trasladan que se está traballando na solución no relativo á xeración de gases e os conseguíntes cheiros, non obstante,



e agardando que isto se solucione na maior brevidade posible, hai outras cuestións que seguen a provocar preocupación por parte da veciña.

Na zona de Aguiño hai un aliviadoiro que verte directamente a un regato, o río Listres, con moita asiduidade; regato que tras unha actuación de costas nese entorno, mudou o seu curso e o seu calado, estando gran parte do ano privado da súa saída ao mar, provocando inundacións que invaden os terreos particulares das veciñas.

Outra das cuestións que preocupan á veciñanza é o danada que queda a imaxe do lugar, coa conseguinte perda de valor das súas propiedades, pois, nun lugar de tanto valor paisaxístico e medioambiental, os problemas xerados por esta nova infraestrutura teñen unha importante incidencia.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.ª) Estase traballando na recuperación do curso do río Listres?
- 2.ª) De non ser así, estase traballando nunha solución alternativa que evite o estancamento das augas?
- 3.ª) Cal é a cota do aliviadoiro con respecto á marea alta?
- 4.ª) Tecnicamente, ata onde pode subir a cota do aliviadoiro?
- 5.ª) Hai previsións de camiñar cara o verquido cero?



6.<sup>a</sup>) Hai intención de sinalar os aliviadoiros para que a cidadanía, e os e as bañistas en particular, teña constancia de por onde saen os verquidos?

7.<sup>a</sup>) Está previsto reducir as emisións do aliviadoiro de Aguiño?

8.<sup>a</sup>) Estase contemplando a posibilidade de poñer en marcha actuacións que restitúan o bo nome desta zona?

9.<sup>a</sup>) Que actuacións se están a acometer para solventar as deficiencias desta obra?

10.<sup>a</sup>) Que accións se estudan para dirimir responsabilidades?

11.<sup>a</sup>) Está a obra recollida por parte das institucións?

12.<sup>a</sup>) A cargo de quen corren os novos investimentos para solventar os problemas?

13.<sup>a</sup>) Que repercusións están a ter ou terán estas deficiencias de funcionamento e o novo investimento sobre a empresa responsable da obra?

14.<sup>a</sup>) Quen asume ou a quen se lle imputa por parte da Xunta o fracaso da posta en marcha desta infraestrutura?

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 30/04/2018 10:04**  
**Nº Rexistro: 30194**  
Data envío: 30/04/2018 10:04:01.154

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 30/04/2018 10:01:30**

**Antón Sánchez García na data 30/04/2018 10:01:38**

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 30.05.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

1.6        30592(10/POC-004847)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre as razóns da demora e as previsións da Xunta de Galicia respecto do inicio da construción de novas vivendas de promoción pública na cidade de Pontevedra, e, se é o caso, o prazo estimado para ese fin e a porcentaxe da demanda que vai atender

*Publicación da iniciativa, 306, 18.05.2018*



## Á Mesa do Parlamento

**María Luisa Pierres López, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A política de acceso á vivenda da Xunta de Galicia cubriu este ano un dos peores resultados de execución de todas as partidas orzamentarias previstas para o ano 2017. Soamente se chegou a un 41,3 % de execución.

Ano a ano vemos como a política de vivenda se estanca e especialmente na oferta do parque público de vivendas, tanto para alugueiro como en propiedade.

Os datos que se reflicten anualmente sobre o número de demandantes, e actualizados día a día, a data do 3 de maio do 2018 era de 11 801 demandantes, a maior parte deles, un 75% son solicitantes en réxime de alugueiro, un 15 % destes con opción a compra.

O dato de rexistro de demandantes da vivenda a día de hoxe na cidade de Pontevedra é de 712 persoas.

Os datos recollidos pola Xunta de Galicia revelan que no concello existe unha necesidade latente de pisos a prezos alcanzables. Sen embargo, a promoción deste tipo de proxectos leva anos paralizado.

Na cidade de Pontevedra se prevén 419 novas vivendas: 272 en Tafisa, 75 no barrio de A Parda, 66 máis en A Eiriña e outras seis en O Gorgullón. Todas elas promovidas polo capital privado.



 Grupo Parlamentario

Isto leva a que as deputadas e o deputado que asinan formulen as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

1. É coñecedor este Goberno da demanda existente na cidade de Pontevedra de vivenda de promoción pública ou privada en réxime de alugueiro ou propiedade?
2. Que leva a que a última actuación nesta cidade se teña iniciado fai xa 10 anos e non se dispuxera dunha maior oferta en función da clara demanda existente?
3. Ten formulado o inicio dalgunha nova edificación nesta cidade de promoción pública? En caso afirmativo, cando se iniciarán e que porcentaxe da demanda existente ten pensado atender?
4. Que ten motivado o parón edificatorio e de oferta de vivenda destes últimos anos?

Pazo do Parlamento, 4 de maio de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López  
Raúl Fernández Fernández  
Patricia Vilán Lorenzo  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 07/05/2018 17:18:58**

**Raúl Fernández Fernández na data 07/05/2018 17:19:04**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 07/05/2018 17:19:10**

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos**

**Día: 30.05.2018                    Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.7      30692(10/POC-004855)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia da posibilidade de paralizar o proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na estrada OU-402, treito Reza, punto quilométrico 1+090 - 3+780, correspondente á clave OU/16/270.06, para procurar un consenso social a prol dunha alternativa mellor para ese treito, as actuacións levadas a cabo ou previstas ao respecto e as súas razóns para non incluír nel unha planificación integral da mellora da seguridade viaria na zona

*Publicación da iniciativa, 306, 18.05.2018*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/05/2018 17:50  
Nº Rexistro: 30692  
Data envío: 08/05/2018 17:50:40.358

### Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

No DOG número 65 publicado en data 4 de abril de 2018, aparece publicado un anuncio da Axencia Galega de Infraestruturas (anuncio do 21 de marzo de 2018), polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na 04-402, treito Reza, punto quilométrico 1+090 – 3 + 780, de clave OU/16/270.06, así como a relación individual de bens, dereitos e persoas propietarias afectadas polo proxecto referido.

O presente proxecto ten por obxecto a creación dun itinerario mixto peonil e ciclista pola marxe dereita da estrada, retomando posteriormente o itinerario no treito da marxe dereita do río Miño.

Chama poderosamente a atención que no mesmo anuncio se publiquen conxuntamente o proxecto construtivo e a relación individual de bens e dereitos afectados, o que ten dous significados claros: que non existiu intención de contar coa participación previa da veciñanza na súa redacción, e a segunda, necesariamente abordar a ocupación dos mesmos polo trámite de urxencia. Estamos a falar dunha afectación a 45 persoas propietarias e 15 se corresponden con vivendas.

Desde que se coñeceu, a través da súa publicación no DOG as intencións da Consellaría, o temor da veciñanza aumentou de xeito considerábel. Teñen preocupación polo impacto que esta obra vai ter, non só para as súas propiedades, senón, tamén, para a seguridade viaria nesa zona.

Os motivos da oposición veciñal ao proxecto resúmese nas seguintes cuestións: a senda ciclista e peonil que pretende realizarse pola marxe dereita da OU-402 en Reza discorre paralela ás vivendas, sen espazo entre as casas e a devandita senda, ao tempo que aumenta a inseguridade ao atoparse de súpeto a ciclistas e peóns circulando directamente, pegados ás casas, cando abran as portas das súas vivendas e garaxes para saíren á rúa.

O proxecto, ademais, non contempla as históricas demandas da veciñanza que de xeito reiterado ao longo dos últimos anos teñen demandado, por razóns de seguridade peonil, incluír nun plan de obras as beirarrúas e alumeado do que carecen en boa parte da estrada, feito que obriga á veciñanza a invadir a calzada, pola que transita un importante fluxo de vehículos, moitos deles de grandes dimensións. Para a súa sorpresa, non so non se fan as beirarrúas senón que se substitúen en todo este tramo por esa senda ciclista e peonil, que obriga a expropiar terreo das entradas de moitas vivendas.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Valora a Xunta de Galiza paralizar o proxecto para poder buscar un consenso social a prol dunha alternativa mellorada e integral para o treito de Reza?



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/05/2018 17:50**  
**Nº Rexistro: 30692**

Data envío: 08/05/2018 17:50:40.358

Cales son as razóns da Xunta de Galiza para levar a cabo estas actuacións de forma tan acelerada? Por que non buscou o consenso social?

Fóronlle transmitidas por parte do Concello de Ourense as preocupacións e queixas da veciñanza? En que data e mediante que formatos de información?

Desenvolveu ou vai desenvolver algunha actuación o goberno galego encamiñada a avaliar se o proxecto previsto é o adecuado e contrastalo coa veciñanza?

Considera a Xunta de Galiza que a zona de Reza conta con condicións óptimas de seguridade?

Cales son as razóns da Xunta de Galiza para non incluír no proxecto unha planificación integral da mellora da seguridade viaria na zona?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/05/2018 17:50**  
**Nº Rexistro: 30692**

Data envío: 08/05/2018 17:50:40.358

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 08/05/2018 17:47:39**

**María Montserrat Prado Cores na data 08/05/2018 17:47:43**

**Ana Pontón Mondelo na data 08/05/2018 17:47:45**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 08/05/2018 17:47:47**

**Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2018 17:47:48**

**Xosé Luis Bará Torres na data 08/05/2018 17:47:49**